

***ACHEGAS ETNOHISTÓRICAS AO ENTROIDO DA PARROQUIA DE
BAZAR (CASTRO DE REI, LUGO) NO SÉCULO XXI.***

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

***PUBLICADO EN “CROA” Nº 33. BOLETÍN DO MUSEO DO CASTRO DE
VILADONGA. AÑO 2023. CASTRO DE REI (LUGO)***

ACHEGAS ETNOHISTÓRICAS AO ENTROIDO DA PARROQUIA DE BAZAR (CASTRO DE REI) NO SÉCULO XXI.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

I. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS DA PARROQUIA DE BAZAR (CASTRO DE REI).

A nivel civil a parroquia de Bazar pertence ao concello de Castro de Rei; ao partido xudicial de Lugo; e, Ademais, forma parte da provincia de Lugo. Dende unha perspectiva eclesiástica, a parroquia de San Pedro de Bazar, corresponde ao concello de Castro de Rei; ao arciprestado de Azúmara; e a diocese de Lugo.

No ano 2022, esta parroquia posuía unha poboación de 276 habitantes – 149 homes e 133 mulleres¹, que estaban distribuídos en 22 entidades de poboación, que ocupaban unha extensión de 1234,7 Ha.²; destas 22 entidades de poboación, 21 forman parte do Nomenclator do Instituto Nacional de Estadística español. Ademais, esta comunidade está situada ao Noroeste do municipio de Castro de Rei, e posúe lindes coas parroquias de Muimenta; Roás; Momán; Xustás; e Bexán pertencentes ao Concello de Cospeito; e coas de Outeiro; Santa Locaia; e Quintela pertencentes ao Concello de Castro de Rei³. Así mesmo, esta parroquia é unha das vinte⁴, que forman parte do Concello de Castro de Rei, que ocupa unha superficie de 176,9 km² na que vivían 5033 habitantes a principios do ano 2022. Este concello forma parte da comarca da Terra Chá⁵ da que tamén forman parte os concellos de Abadín, Begonte, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade. **(FOTO Nº 1).**

¹ I.G.E. (Instituto Galego de Estadística) xaneiro do ano 2022.

² Estas entidades de poboación son: A Aspera, A Cainzada, A Folgueira, A Granda, A Grandela, A Mudia, A Pena, A Ribapena, As Fontes, As Penelas, A Veiga, A Veiga da Acea, A Veiga do Pumar, Bardián, Cainzada, Canto, Carravilar, Guntín, O Montillón, O Pacio, O Pumar, Oroxé.

³ XIZ, Xulio.: **Bazar, milagre social**. Lugo: Deputación de Lugo, 2021, pax. 29–

⁴ Parroquias de Castro de Rei: Ansemar, San Salvador; Azúmara; Balmonite, San Salvador; Bazar, San Pedro; Bendia, San Andrés; Castro de Rei, San Xoán; Coea, San Salvador; Duancos, Santa María, Duarría, Santiago, Dumpín, Santa Eulalia; Loentia, Santo Estevo; Ludrio, Santa María; Mondrid, Santiago; Mos, San Xiao; Orizón, Sta. Comba; Outeiro, Sta. Maria; Pacios, San Salvador; Prevesos, Santo Estevo; Quintela, Sta. Maria; Ramil, Sta. María; Riberas de Lea, San Xoán; Sta. Locaia, Triaba, San Pedro; Viladonga, Santiago.


⁵ Esta comarca amosa unha extensión de 1822,75 km² na que vivía no ano 2019 unha poboación de 39.935 habitantes.

A nivel histórico, hai achados importantes como o asentamento castrexo do Agro do Castro, indicador moi importante da presenza humana na antigüidade. Logo, na Idade Media a influencia do mosteiro cisterciense de Meira foi moi notoria, xa que exerceu unha serie de dereitos reflectidos no cobro das súas rendas. Logo, xa no antigo réxime esta parroquia estaba integrada na xurisdición de Castro de Rei da que eran señores os “Condes de Lemos” aos que se tiña que rendir vasalaxe mediante o pago de tributos. Na actualidade, os restos dun señorial abolengo está patente nas “Casas do Pacio”, “da Granda” e a “Casa blasonada do Pazo de Aguiar”.

Non obstante, dende a miña óptica, un dos feitos máis relevantes acaecidos nesta parroquia foi a creación no ano 1968 do *“Teleclub de Bazar”*, convertido anos despois no “Centro Cultural Ignacio Rey Stolle”⁶. Esta institución local fixo posible que a parroquia fose coñecida no exterior polos numerosos eventos culturais, deportivos, e sociais, que se celebraban todos os anos no susodito centro. A tarefa levada a cabo por este centro cultural está moi ben recollida no libro *“Bazar. Milagre Social”*, elaborado polo prestixioso comunicador e pensador chairego *Xulio Xiz*. Polo tanto, se alguén quere coñecer a vida cotiá desta parroquia nos últimos cincuenta anos é mester que faga unha lectura sosegada deste libro. **(FOTO Nº 2)**


⁶ *Avogado, político, e persoa sinxela e moi influínte na parroquia.*

II. MAPAS DE LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE CASTRO DE REI E DA PARROQUIA DE BAZAR ⁷.



LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE CASTRO DE REI NA PROVINCIA DE LUGO

⁷ Os mapas foron realizados por Antonio Figueroa Paz.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six).



LOCALIZACIÓN DA PARROQUIA DE BAZAR NO CONCELLO DE CASTRO DE REI

III. TRAZOS XERAIS SOBRE O ENTROIDO.

1. SIÑIFICACIÓN DO VOCABLO “ENTROIDO” E TEMPO DE CELEBRACIÓN.

O Carnaval recibe en Galicia o nome de Entroido, e procede do latín “Introitus”, que significa “entrada”, ou “comezo do ano ou da primavera”. Segundo as zonas recibe os nomes de “*Antroido*”, “*Introido*”, “*Entrudio*”, “*Entrudo*”⁸. Unha nova acepción sería a de considerar ao Entroido como a entrada do tempo, que precede á Coresma.

O tempo de Entroido está relacionada coa Pascua de Resurrección, festa de carácter lunar, que celebra o día da morte de Xesús. Esta conmemoración, segundo o Concilio de Nicea, realízase o primeiro domingo, que segue a lúa chea de primavera. Polo tanto, o domingo de Entroido lévase a cabo corenta e nove días denantes da Pascua de Resurrección. Agora ben, o calendario lunar ten como fundamento o ritmo irregular das lúas, xa que o ciclo completo de lunación ben durando normalmente vinte e nove días, e doce horas. En consecuencia, o domingo de Entroido pode caír entre o un de Febreiro e o sete de Marzo.

Por outra banda, o tempo de celebración era moi variable. Así– segundo **Vicente Risco**– adoitaba durar unhas tres semanas nas que compría sinalar os seguintes días: o domingo fareleiro; o xoves de compadres; o domingo corredoiro; o xoves de comadres; e os días grandes do Entroido, que se correspondían co domingo, luns e martes. Eventualmente, tamén o mércores de cinza. Ademais, é mester facer alusión ao domingo de piñata, primeiro domingo de coresma, que se celebra nalgunhas zonas ⁹. O Entroido galego de máis días de duración radica na vila ourensán de Xinzo de Limia. **(FOTO Nº 3)**

Con respecto á provincia de Lugo, os días do Entroido concéntranse no Domingo e Martes, considerados como os días importantes desta festividade. Non obstante, cómpre sinalar as seguintes excepcións: en Santiago de Arriba (Chantada), tamén se festexa o domingo fareleiro e o domingo corredoiro, e dicir, os dous domingos anteriores ao Domingo de Entroido. O xoves seguinte ao “domingo fareleiro” conmemórase o “xoves de compadres”, que se sigue celebrando en maior ou menor media nos municipios das “Terras de Lemos”, como Monforte e Sober –vilas básicas de celebración– Pantón, Pobra de Brollón, Bóveda e o Saviñao. Unha semana despois celébrase nos mesmos lugares o “xoves de comadres”. En Salcedo (A Pobra de Brollón), tamén se celebra o luns de

⁸ Risco, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal, páx. 611

⁹ RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual. Madrid: Akal, páx. 612.

Entroido coa famosa “saída do oso” polas distintas rúas da vila. O mércores de cinza, conmemórase “o Enterro da Sardiña”, nas vilas de Monforte, Burela, Viveiro, Foz e Vilalba. O sábado de piñata, festéxase en Ribadeo coa queima do Entroido, boneco de varios metros de altura. No ano 1998, este boneco –símbolo do Entroido– entrou no Libro Guinness de Records cunha altura de 13,32 metros. Finalmente, o domingo de piñata conmemórase na localidade de Lourenzá.

2. A ORIXE DO ENTROIDO E TRAZOS PECUALIARES DESTA FESTIVIDADE.

Con respecto á orixe do Entroido a teoría sustentada por un maior número de etnógrafos e antropólogos, encabezados por Caro Baroja¹⁰, defende unha teoría medieval do Entroido. Sen a idea da Coresma non existiría na forma concreta, na que se levou a cabo desde datos escuros da Idade Media. A oposición do Entroido coa Coresma constitúe o fundamento básico sobre o que se foi configurando o modelo de Entroido da sociedade occidental. Isto non é obstáculo para que no Entroido actual poidan influir rituais de festas de orixe antigo¹¹.

Esta conmemoración festiva aínda que reflicte trazos de calquera festa como poden ser o sentido de unidade e de autoafirmación da comunidade fronte “aos outros”; a súa abertura de cara ao exterior, mediante o baile, fomentando deste xeito o carácter exogámico das comunidades; a reafirmación dos lazos familiares, mantidos por medio da “comensalía”...

¹⁰ Esta teoría foi defendida por *Caro Baroja, L. Janssen, Peter Burke, Vicente Risco*, e continuada por etnógrafos galegos como *X. M. González Reboledo, F. Cocho, Mariño Ferro, Fidalgo Santamarina, Clodio González* etc.

¹¹ Entre estas festas podemos distinguir as seguintes: Aquela que defende que esta festa ten unha orixe nos rituais animistas da Prehistoria. Bouza Brey, etnógrafo galego, e nun primeiro momento Vicente Risco, estudaron as máscaras asinandolle orixe prehistórico en canto ao seu sentido máxico e ritual ligado á prácticas de relixión primitiva.

Os rituais agrarios gregos, adicados ao culto a Dionisos e, logo, ao deus romano Baco. As dionisias celebrábanse na honra de Dionisos, deus gregos, que logo os romanos transformaron en Baco. Foi rei da natureza, e as súas festas simbolizaban a vida, a pasión, o renacer primaveral.

Tamén, nos actos que tiñan lugar nalgúns festas romanas antigas nomeadas Saturnalia. Eran festas que comezaban o 17 de decembro, na honra do Deus Saturno, protector da agricultura. Tanto os amos como os seus escravos invertían os seus papeis. Festas nas que había unha gran permisividade.

Así mesmo, as Lupercalia celebrábanse nos idus de Febreiro na honra do deus Pan. Os lupercos sacrificaban un macho cabrío, e logo untábanse coa súa sangue. A continuación, perseguían espídeos as mulleres con látegos feitos da pel do macho cabrío.

Finalmente as Matronalia, que se realizaban no mes de Marzo na honra da deusa Xuno Lucina. Nesta conmemoración, as mulleres servían aos seus escravos e criados, mentres que os esposos servían as súas esposas.

Con todo, o Entroido, como imos apreciar, é unha conmemoración provista dunha serie de trazos moi peculiares, que fan desta celebración algo especial e propio.

* Trátase dunha festividade de tránsito entre o solsticio de inverno e o equinocio da primavera co que iso conleva nos ritmos da natureza. Isto implica que algúns rituais deste momento festivo sexan indicadores dun novo mencer fronte a escuridade. En definitiva estamos ante a dialéctica *VIDA–MORTE*, saíndo triunfadora a primeira. Na actualidade, a idea de vida e fertilidade está moi presente cando “os volantes” de Santiago de Arriba (Chantada) pasan por riba dos campos e terras de labor. Tamén, as chocas e campaiñas, que soan durante o Entroido, simbolizan a vida, e alonxan o mal das comunidades.

* É un tempo de transgresión da orde habitual; de ruptura de todas as normas; de inversión de valores. Un tempo axeitado para que todos podamos simbolizar un papel diferente ao que temos na vida cotiá. E isto realízase, as máis das veces, por medio dos disfraces e as máscaras, que nos permiten levar a cabo –polo seu carácter de invisibilidade– aquilo, que sería inviable nun tempo normal. **(FOTO nº 4)**

* No Entroido estamos ritualizando o lado escuro e funesto do ser humano. A súa animalidade, as súas máis baixas paixóns, os seus excesos na comida e na bebida.

* O Entroido provoca un desafogo psicolóxico no sentido de que se trata dun festexo catártico e liberador das tensión acumuladas ao longo do ano.

* No tempo de Entroido, os praceres carnaís están personificados por medio de animais vivos, como o galo, que ten fama de ser un dos máis luxuriosos. Non obstante, tamén se usan figuras de animais, que foron asociados por tradición non só coa lascivia, senón tamén con outras formas de comportamento carnal, como a gula, a preguiza etc. Así, podemos sinalar a vaca, o touro, a mula, o oso. Ademais, hai representacións dunha animalidade en abstracto, reflectida por unha serie de atributos como as peles, cornos, máscaras con figuras de animais. Tamén, hai outras formas de simbolizar ao Entroido: unha delas é a vellez; polo tanto, non resulta estrano ver moitos disfraces de roupas e caraútas vellas. Así mesmo, o Entroido tamén está personificado naquelas persoas disfrazadas con vestidos de luxo, como é o caso das Madamas; os Galáns; os Señoritos. O luxo está relacionado coa voluptuosidade, co pracer sexual ¹².

¹² MARIÑO FERRO, X. R.: *Antropoloxia de Galicia*, páx. 487.

* Este tempo representa Ademais unha loita entre Don Carnal e Dona Coresna, reflectida –segundo termos nietzscheanos– pola relación existente entre dos deuses da Grecia antiga: **Apolo e Dionisios**. Así, **o dionisiaco** simbolizaba a desorde pública, o instintivo, a vitalidade sen freo, a farra, a irracionalidade. Pola contra, **o apolíneo**, representaba todo o contrario, é dicir, a racionalidade, a orde social, a ponderación, o esforzo continuo ¹³. En consecuencia, hai unha tensión dialéctica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se vai resolver co triunfo do apolíneo, e dicir da orde e do control social.

* O Entroido ten un fondo contido dramático, xa que é un tempo no que se escenifican e parodian as institucións civís e eclesiásticas por medio de sermóns, e xuizos. E isto faise con ironía, burla e humor.

* A máscara é uns dos elementos esenciais do Entroido. É un símbolo claro da animalidade entroidana, que provoca diferentes tipos de emocións: admiración, alegría, medo, temor, inquietude. Non adoita actuar en solitario, senón en grupo formando mascaradas, que percorren as rúas das vilas e os camiños das parroquias. Gozan de inmunidade, o que lles permite botar fariña, auga e nalgún tempo formigas. **(FOTO Nº 5)**

* É un tempo no que as portas das casas están abertas de cara ao exterior, e todos participan dun xeito directo ou indirecto na festa. Ademais, os membros das diferentes casas da comunidade convidan ás máscaras e disfraces a filloas, orellas, freixós, doces típicos etc.

* O Entroido ten unha finalidade didáctica. O desenfreno e a desorde, que se produce nesta festividade, regulan a orde social. Esta festa estanos ensinando por vía indirecta, que se o exceso na comida, na bebida, e nos praceres carnaís fosen continuos, seríamos incapaces de vivir deste xeito, o mundo non se sostería.

* Unha das manifestacións do Entroido, que serve de válvula de escape aos asistentes a algúns dos actos deste tempo festivo é o **“riso”**. Todo vale e todo resulta cómico no tempo do Carnaval. A festa non é posible sen permitir que o sentido do humor domine por unhas horas calquera outro sentimento e se imponha no estado de ánimo ¹⁴. Ademais rírese dun

¹³ CHAO REGO, Xosé. *Ob. cit.*, páx. 30.

¹⁴ COCHO, F.: *Ob. cit.*, páx. 47.

mesmo é sano; é como saca-la máscara que nos fai levar a sociedade da vida diaria e disfrutar deixando ver un pouquiño do que levamos por debaixo dela ¹⁵ .

* É un tempo de alegría, de diversión, de exceso na comida e na bebida. O elemento sexual aparece reflectido nas disputas que había nos xoves de compadres e comadres. Así mesmo, as corridas do galo tiñan un compoñente sexual importante, xa que o galo e un dos animais máis simbólicos do Entroido en canto á carnalidade e luxuria.

En moitos lugares de Europa e de España celebrábanse “corridas de galos”. En Galicia celebráronse ata o último tercio do século pasado nas parroquias pontevedresas de Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobras; en Zas (A Coruña); en Cotobade (Pontevedra); en Viana do Bolo (Ourense); e tamén, como veremos, nalgúnhas parroquias da comarca da Terra Chá, incluído o “Val de Francos”. **(FOTO Nº 6)**

IV. O ENTROIDO NA PARROQUIA DE BAZAR.

A comezos do século pasado celebrouse o Entroido en dous lugares desta parroquia: **Carrivalar e Oroxe**. En ambos os dous lugares realizábanse unha serie de actividades: “a corrida do galo”; “o sermón do Entroido”; e, finalmente a “queima do Entroido”.

No lugar de **Oroxe** celebráronse unha serie de Entroidos ao carón da súa escola, organizados –segundo **Avelina Corbelle Fernández**¹⁶– por diferentes veciños do lugar, como **Francisco de Oroxe**, **Manuel de Xil**, e **Manuel Ponce**. Na segunda metade do século pasado cómpre distinguir os Entroidos dos anos **1966 e 1972** ¹⁷. O do ano **1966**, caracterizouse polas seguintes actividades: Sermón e queima do Entroido, e “a corrida do galo”. Esta facíase do seguinte xeito: Entre dous puntos fixos colocábase unha corda moi tensa, na que penduraban tres ou catro galos, que estaban amarrados por un lazo; este poñíanllo por baixo das alas e, logo, metíanllo polo buche e sacabanllo pola boca. Desta maneira a cabeza do animal quedaba bastante suxeita, o que daba lugar a que fose difícil arrincala. Logo, algúns veciños do barrio de **Oroxe** e das súas proximidades cos seus cabalos ataviados para a ocasión, pasaban ao galope por baixo do galo, tentando descabezalo. Neste ano, un dos galos foi para **José María da Grandela**. Ademais destas

¹⁵ GARCÍA CENDÁN. Bernardo.: O Desacougo da Risa, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, páx. 51.

¹⁶ Veciña do lugar de Oroxe (Bazar).

¹⁷ Referencia de Fernando Novo Rodríguez, veciño de Oroxe (Bazar).

actividades, había dúas máscaras, que recibían o nome de “*faroleiros*”, que saían polo barrio de **Oroxé** o domingo, luns e o martes de Entroido, que era o día propio do festexo. Ían vestidas con saias de estopa, e por riba levaban roupas vellas; Ademais, cubrían a súa cara cunha caraúta de cartón. Os *faroleiros* levaban uns saquitos de cinza, que lla botaban aos veciños da parroquia, que encontraban no seu percorrido. Estes adoitaban insultalas co seguinte dito:

*“Faroleiro, pataqueiro / come as tripas dos carneiros /
mal cocidas, e mal lavadas / correlle a merda por entre as barbas “/”¹⁸*

Estas máscaras tamén soían ir bailando polas diferentes casas do barrio de Oroxé coa esperanza de recibir algún carto dos seus propietarios. Acostumaba ir con elas un organizador do Entroido para que os donos das casas soubesen, que eran máscaras do lugar.

O do ano **1972**, levouse a cabo coas mesmas actividades agás “a corrida do galo”. Esta xa non foi con galos vivos, senón con galos mortos. Ademais, os organizadores do evento penduraron da corda unhas cintas das que colgaban uns aneis. Logo, algúns veciños do barrio soían pasar por baixo deles a galope e cun pequeno utensilio nas súas mans coa finalidade de arrincalos. Ao rematar o xogo, o veciño que máis aneis collera era o que recibía como premio “un galo vivo”. Neste ano, fixo o “Sermon do Entroido”, **Eladio de Emeterio**, da parroquia de **Bexán (Cospeito)** mais moi ligado con este barrio. O sermón, composto por estrofas de catro versos, contiña unha variedade de críticas mais expostas cunha bulra e sarcasmo especial. Neste ano, tamén saíron “os faroleiros”¹⁹, bailando e botando cinza coma sempre. É mester sinalar a **Esperanza da Ponce**, que fixo de faroleiro no Entroido do ano 1966; e a **Eugenio de Fugueteiro**, no ano 1972 ²⁰. Neste barrio, era moi habitual que os veciños se tiznasen con arxila branca ou doutros cores. Como remate dos festexos do Entroido en ambos os dous anos celebrouse un baile amenizado por unha orquestra²¹. A partir de mediados dos setenta do século pasado, os eventos que houbo do Entroido en Bazar xa se fixeron conxuntamente a nivel de parroquia.

¹⁸ Informante: Carmen Folgueira Fernández, veciña de Oroxé (Bazar)

¹⁹ Había faroleiros de ambos os dous sexos.

²⁰ Informante: Fernando Novo Rodríguez, veciño de Oroxé (Bazar)

²¹ A nivel anecdótico, cómpre dicir que algúns veciños de Oroxé lembranse de que no ano 1972 a orquestra chegou a este barrio nun camión do leite, debido a unha avería que sufriu o coche que a transportaba.

En **Carravilar**, temos testemuñas dos importantes entroidos que se celebraban a comezos do século XX, sendo o seu organizador **Severino das Fontes**. Este feito está reflectido nunha das estrofas do “Sermón do Entroido” do ano 2009, que dí:

/“Os noso vellos nos están a recordar / que de nenos seus avos lles solían falar / dos carnavales que Severino das Fontes / acostumaba organizar no Campo de Carravilar /cando o século XX estaba a començar”.

Logo da contenda civil española, o Entroido seguiu celebrándose en **Carravilar** da man de **Avelino de Marcos**, fillo de Severino das Fontes. Estes tiveron moita sona na bisbarra, segundo se menciona nunha das estrofas do “Sermón do Entroido”²² na que se le:

“E anos despois,/ cando a Gerra Incivil se logrou terminar / o seu fillo Avelino de Marcos / a miles de persoas lograba concentrar / para os seus críticos pregóns poder escoitar”.

Ademais, cómpre lembrar tamén a tarefa, que levaron a cabo os veciños **José Benito de Carravilar** e **Ramón do Cura** na planificación dos Entroidos dos anos cincuenta e sesenta do século pasado. Ata mediados da década dos sesenta do século XX, levábanse a cabo unha serie de actividades: “a corrida do galo”; o “Sermón do Entroido”; a “queima do Entroido”; tamén, se realizaban “unha serie de xogos populares, adicados aos cativos; e finalmente, un baile amenizado por un grupo musical ata altas horas da mañá, no que participaban disfraces e mascaradas.

A “corrida do galo”, facíase do mesmo xeito que no barrio de **Oroxé** ²³. Esta práctica realizouse tamén en outras comunidades chairegas como **Ansemar**, **Bestar (Cospeito)**, **Quintela**, **Saavedra (Begonte)**, **Duarría (Cospeito)**, en parroquias de Abadín e Xermade etc. En **Carravilar**, dende mediados dos sesenta do século pasado, adoitaba suspenderse da corda unhas cintas das que colgaban uns aneis. Logo, algúns mozos da parroquia soían pasar en bicicleta por baixo deles coa finalidade de arrincalos. Ao rematar o xogo, o mozo que máis aneis collera era ao que lle daban “un galo vivo”²⁴. Dos anos sesenta conservamos unhas estrofas dun Sermón, elaborado daquela por **Avelino de Marcos**:²⁵.
(FOTO Nº 7)

²² Sermón do Entroido do ano 2009.

²³ Entre dous puntos fixos colocábase unha corda moi tensa, na que penduraban un galo, que estaba amarrado por un lazo; este poñíanllo por baixo das alas e, logo, metíanllo polo buche e sacabanllo pola boca. Desta maneira a cabeza do animal quedaba bastante suxeita, o que daba lugar a que fose difícil arrincalo. Logo, algúns mozos da parroquia en cabalerías ataviadas para a ocasión, pasaban ao galope por baixo do galo, tentando descabezalo.

²⁴ Informante de Bazar: José Canto Novo.

²⁵ Estrofas conservadas por Ana Vila Ferreira.

“Carravilar agora/ comparado con outros tempos/ parece un xardín de flores/.

“Tres talleres de modistas,/ onde poden vestir a moda / todas as rapazas novas”/.

“Taller de carpintería / xa non fai falta ir a Lugo / por asuntos da mueblería”/.

“Agora non é como antes / que íbamos polos camiños / cunhas zoquiñas lampas / e un pantalón de estopa / que abofé se tiña xeito / cando o home se sentaba / o pantalón quedaba dereito”/.

“Tede cuidado rapaces / e cortade ben as uñas / que se vos queixan as mozas/ que lles rachades os vestidos / todos pola espalda”/

“Aló abaixo no cruce / hai unha zapatería / onde che fan a medida / zapatos e zapatillas”/

É moi probable que **Avelino de Marcos**, cando menciona os talleres de modista, como algo innovador na parroquia estea pensando en **Anastasia do Cura**; en **Remedios da Cainzada**; en **María Josefa** de Carravilar; e **María Josefa** de Xusto. E cando alude ao taller de carpintería, estea rememorando ao taller de carpintería da familia de **Manolo de Cainzada**. En calquer caso o que se reflicte nestas estrofas é o papel innovador que supón a creación de varios obradoiros ou talleres na parroquia, que posibilitan que a veciñanza dependa menos da cidade naquelas mercaderías ligadas coa vestimenta, o calzado e cos mobles. Ademais, nunha das estrofas deixase entrever o carácter picaresco e hixiénico da mesma.

Os sermóns de **Avelino** estaban cheos de retransca²⁶ e Ademais contiñan unha dimensión crítica importante o que motivou que mais dunha vez terminaran esluídos pola autoridade á que non lle gustaba nada o contido dos ditos pregóns. En definitiva, o noso veciño Avelino foi exemplo sinificativo desa poesía protesta en tempos do Entroido²⁷.

Logo de **Avelino**, non houbo ningún veciño que quixera seguir coa organización do Entroido coas súas peculiaridades propias. Non obstante, algún ano fixose unha organización oficialista do mesmo por parte do Centro Cultural. Así, no ano 1977 houbo unha gran gala infantil de disfraces, xogos, concurso humorístico, todos eles con agasallos para os participantes. E, na noite do martes de Antroido, proxección cinematográfica ²⁸.

²⁶ TEIJEIRO REGUEIRO, José María.: O Bazar que eu recordo, *En Bazar, milagre social*. Coord. e Autor: Xulio Xiz, Lugo: Deputación Provincial, 2021, pax. 164.

²⁷ NOVO RODRÍGUEZ, José María.: Centenario da igrexa de Bazar, *En Bazar, milagre social*. Coord. e Autor: Xulio Xiz, Lugo: Deputación Provincial, 2021, pax. 160.

²⁸ Xulio Xiz.: En Bazar, milagre social. *Ob. cit.*, páx. 94.

Tamén no ano 1980 festexouse o Entroido, cun baile de disfraces e números premios²⁹.**(FOTO Nº8)** .

Vai ser a comezos deste novo século cando **Rafael de Xusto** reiniciou o Entroido, despois dun longo paréntese, seguindo coas súas características propias e coas súas actividades: Sermón³⁰ e queima do Entroido, xogos populares prós cativos, baile e concursos de disfraces. Non obstante, o seu labor de organizador en solitario do evento durou catro anos ata que decidiu rematar a súa tarefa, que quedou plasmada nunha das estrofas do “Sermón do Entroido”³¹.

“E despois de que durante varios anos / Rafael de Xusto estivese a traballar / para esta festa continuar / o ano pasado decidiu descansar”/.

Logo, dos anos 2009 ao 2011 inclusive, a tarefa de organizar este evento recaeu por propia vontade nas netas de **Avelilo de Toño –Marta Castro e Pilar Canto–** e no neto de **Mingas, Iván Díaz** Este novo cambio na organización da festa tamén quedou explicitado nunha das estrofas do “Sermón do Entroido”³² do seguinte xeito:

“E como parece que non quería reanudar / xente nova continuación lle decidiu dar / e as netas de Avelino de Toño e o neto de Mingas / se puxeron a organizar”/.

No ano 2009, o Centro Cultural “Ignacio Rey-Stolle”deu a coñecer a festividade do Entroido da seguinte maneira:

“A xornada festeira comezou as 13,30 horas con sesión vermú coa orquesta Noche de Gala, e seguiu ás 17 horas xon xogos populares e disfraces infantís,e ás 18 horas coa actuación do humorista Lito de Arzúa. Ás 18,30 horas pronunciouse o pregón con xuizo e queima do Antroido (se procedía, que procedeu), e nova actuación da orquesta, que así mesmo tería ao seu cargo a verbena desde as 22,30 en diante. Ás 22 horas pecháronse as actividades da tarde. Pola noirte, desde as 12, celebrouse un concurso de disfraces con diversas categorías e 700 euros en premios. O campo estivo cuberto con carpa e funcionaron canóns de aire quente”³³.

Finalmente, no ano 2012, esta festa foi organizada por **Iván Díaz, David Castro e José Lamas**, aínda que **Marta Castro e Pilar Canto** ³⁴ colaboraron cos organizadores. Nesta

²⁹ Xulio Xiz.: *Ob. cit.*, páx. 96.

³⁰ Rafael de Xusto, organizou o Entroido en solitario durante catro anos. Os sermóns da súa época como organizador, realizounos o mestre Manuel Vila López da Ponte de Outeiro (Castro de Rei). Non puidemos acceder aos mesmos por posible perda.

³¹ Sermón do Entroido do ano 2009.

³² Sermón do Entroido do ano 2009.

³³ Xulio Xiz.: En Bazar, milagre social. *Ob. cit.*, páx. 99.

³⁴ Organizadoras con Iván Díaz do Entroido entre os anos 2009–2011.

nova andadura – do 2009 ao 2012– o festexo realizouse o domingo de Entroido pra non coincidir co que se celebraba o martes de Entroido en “Val de Francos”(Castro de Rei).

Tanto na etapa de **Rafael de Xuxto** como na posterior, as actividades más importantes, que se realizaron no Entroido foron as seguintes: **(FOTO Nº 9)**

1ª. Algúns “xogos populares”adicionados aos nenos, como “carreiras de sacos”, “as cadeiras ocupadas”, “algunhas cucañas”, “a rotura dos pucheiros”etc.

2ª. A intervención do grupo musical “**Os Valuros**”de Castro de Rei, dirixido pola dinamizadora cultural **Ana Canto**.

3ª. O “Sermón do Entroido”, no que interviñan case sempre dous persoeiros. Denantes de comezar a lectura do Sermón, o Antroido – representado por un boneco, vestido con roupas vellas– é colocado nun lugar axeitado do palco da música. Logo, unha parella pronuncia dende o palco da música o sermón a xeito de diálogo. O sermón, dende sempre, estaba e segue estando composto por un número indeterminado de estrofas de catro versos, case sempre octosilábicos, e con rima consoante. Non obstante, tamén hai algunhas estrofas de cinco e seis versos.

4ª. A “queima do Entroido”. Este é . simbolizado por un boneco, xeralmente feito de palla, ao que visten con roupas vellas, xa que “o vello”é unha das formas coas que se representa, ao Entroido. A este boneco adxudícanlle todas as desgracias e sucesos adversos, acaecidos nesta parroquia durante o ano. Isto motiva, que sexa condenado a ser queimado no lume. “*El vén ser como o chivo expiatorio de todos os males da comunidade*”³⁵. Non obstante, ás veces, encarna a un aspecto en concreto, que prexudicou á parroquia, e que vai a quedar reflectido nunha das estrofas do Sermón.

*/“E dito todo isto / e para o pregón rematar / hoxe neste espantallo / ós políticos queremos encarnar”*³⁶.

Ademais, o público asistente interven na decisión de “queimar ou non ao entroido”. Así un dos sermoeiros remata o Sermón, querendo que o persoal asistente interveña na decisión final.

/“E despois de todo o que oístes / haber que queredes facer / contádenos amigos / se lume lle imos prender”/

³⁵ COCHO, F.: *O Entroido Galego*. Vigo: A Nosa Terra, 1998. Páx. 35.

³⁶ Sermón do ano 2009.

5ª. Finalmente, un baile amenizado por unha orquestra. Nel adoitaban participar todo tipo de disfraces e máscaras, a nivel individual ou en grupo. Nun dos descansos da orquestra acostumaba a facerse “un concurso de disfraces” entre os asistentes. Había diferentes categorías e, polo tanto, varios premios, ascendendo no ano 2009 a 700 euros. **(FOTO Nº 10)**

No ano 2012, os organizadores do Entroido quixeron deleitar aos seus veciños e tamén aos foráneos cun nova actividade como foi “*a baixada das carrilanas*” polas Penelas. Teño que dicir que esta nova actividade é algo inusual nas festas das parroquias e dos pobos, e únicamente me veñen a memoria – polo que respecta á provincia de Lugo– as carrilanas que se celebran en **Abadín e Chantada**. Este novo acto quedou reflectido en varias estrofas do “Sermón do Entroido do ano 2012”.

/“Deulles por argallar / e organizaron as carrilanas / debe haber moita xente / que non ten que facer nas casas”/

/“Era todo moi novedoso/ ningún sabía como facelas / e pecando de inocentes / querían baixalas polas Penelas”/

/“Miraron aquí e acolá / ningún lles facía seguro / e pensaron que contra as pacas / o golpe sería moi duro”/

Con respecto, ao lugar de **Oroxé**, que nun principio –como dixemos– celebrou con **Carrivalar**, o Entroido nesta parroquia, mais por separado, non volveu a celebrar este evento . Nos últimos anos de celebración do Entroido en **Carrivalar**, alúdese ao lugar de **Oroxé** nalgunhas estrofas dos Sermóns.

*“Tamén para a casa de Amparo de Pino / e para a de Antonio da Pena / novos veciños viñeron morar/ e en Oroxé a casa vella de Porto están a rehabilitar”/*³⁷

*/“Unha veciña de Lugo / moito nos anda a amolar / por non deixar cortar os pinos / sen luz en Oroxé houberon quedar /*³⁸.

IV. 1. ANÁLISE DOS SERMÓNS COMPRENDIDOS ENTRE OS ANOS 2009 E 2012.

Únicamente se conservan os sermóns destes anos, xa que os dos anos anteriores foron perdéndose co paso do tempo. Só puidemos ter acceso a unhas estrofas, realizadas por **Avelino de Marcos** e conservadas por **Ana Vila Ferreira**, veciña de **Mudián (Bazar)**. Os sermóns do Entroido da parroquia de Bazar están compostos de estrofas de catro versos, aínda que tamén hai algunhas de cinco e seis versos. Predomina a rima consoante

³⁷ Sermón do ano 2009.

³⁸ Sermón do ano 2010.

sobre asoante. O do ano 2009, foi realizado polo mestre **Manuel Vila López** da Ponte de Outeiro (Castro de Rei); os dos seguintes anos foron elaborados polos organizadores do Entroido, e algúns veciños da parroquia. Estes comezan sempre cun saúdo dirixido tanto aos veciños da parroquia como aos foráneos, é dicir ás persoas procedentes doutras comunidades. Aos veciños agradécenlles as axudas prestadas para a realización da festa. Aos foráneos danlles as grazas pola súa asistencia e Ademais, anticípanlles as posibles novidades, que vai ter o evento coa finalidade de diferenciar o que facemos “nós” como comunidade do que facedes “vós”, símbolo doutras comunidades. En definitiva, trátase de resaltar e consolidar a identidade da comunidade cos seus trazos e peculiaridades. Algúns trazos do saúdo están explicitados nos sermóns do seguinte xeito:

“Amiguiños e amigas de calquer lugar / por vir hoxe a nos acompañar / e ós veciños e veciñas por tanto axudar / moitas gracias vos queremos dar”/ ³⁹.

“Xa volvemos a estar aquí / e este ano con novidades / para que non digan os de fora / que non somos orixinales”/ ⁴⁰.

Logo do saúdo de rigor, nos sermóns adoita haber contidos de diversa índole, que podemos distribuír dende a miña óptica en dúas categorías: **(FOTO Nº 11)**

1ª. INCIDENCIAS.

Nelas podemos distinguir dous grupos:

1.1. Aquelas que están ligadas ó labor da veciñanza no marco parroquial, e que teñen remedio ou solución. Os veciños da parroquia amosaron dende sempre unha reciprocidade entre si, que se manifestaba nas axudas nas diferentes tarefas do campo: sega, malla, colleitas etc. Amosaban a súa identidade de cara ao exterior por medio dos distintos eventos culturais e festivos, que se planificaban no **“Centro Cultural –Rei Stolle”**. Un deles, o Entroido, foi moi significativo en Bazar. Agora ben para a celebración deste festexo era mester planificar unha serie de actividades, que tiñan un prezo. Polo tanto, Ademais da colaboración dalgunha institución municipal e provincial, compría botar man dos veciños da parroquia, que eran en definitiva os que debían apoiar este evento para que poidese continuar en anos sucesivos. Pois ben, a maioría dos

³⁹ Sermón do ano 2009.

⁴⁰ Sermón do ano 2012.

parroquianos aportaban cartos para a súa celebración como queda expresado na seguinte estrofa do “Sermón do Entroido”⁴¹.

/ “Cos veciños pudieron contactar / e souberon porque camiños andar / e quen moraba en cada lugar / e a todos as gracias lles queren dar / pola boa acollida que lles estiveron a dispensar”.

Non obstante, houbo algúns veciños da parroquia, que eludiron esta responsabilidade, aducindo todo tipo de motivos. Con todo, chegado o día da festa, houbo algúns –dos que non aportaran diñeiro– que tamén acudiron ao evento festivo, cando o máis lóxico sería que ese día quedaran nas súas casas, ou marchasen fora do espazo parroquial. Isto, como non, está reflectido nalgúns estrofas do “Sermón do Entroido do ano 2010”.

/”Hai algunos que non dan / dicen que os temos aburridos / pero aquel día no campo / ben que asoman os fuciños”/.

/”Os que non lles guste esto / e os que non nos deron nada / dámoslle un aplauso / e que se vaian pa casa”/

Tamén hai outros veciños, que son pouco solidarios coa parroquia, e amosan actitudes egoístas. Estoume a referir, a algúns que non permiten descansar aos veciños cos seus traballos pola noite; aos que provocan coas súas mercadorías cheiros inaguantables na parroquia; aos que contaminan o río cos seus puríns; e aos que desfán e manchan as estradas, sin preocuparse das mesma. Estes comportamentos egocéntricos e, polo tanto, contrarios ao sentir solidario da parroquia, son mencionados nalgúns estrofas dos Sermós entroidanos. (FOTO Nº 12)

*/”Os da Sat do Ferreiro tamén están a progresar / e a cuadra das vacas andan a aumentar/. Pero como é xente de moito traballar / en toda a noite non paran de rumbar/, e os veciños empézanse a cabrear / porque con tanto ruido nos os deixan descansar”/*⁴².

*/”Da merda que carreta Blas / tamén quería falar / pois con ese horrible cheiro /afoga ós veciños de Bazar / e moio máis os de Outeiro”/*⁴³.

*/”Os camións que a carretan (a merda)/ andan cedo polo orballo / desfacendo as nosas pistas / esto róncale o carallo”/*⁴⁴.

*/”Quero tamén recordar / ós que abonan con purín / que con cheas con botar / porque a merda e moi rin / e o río vai a parar”/*⁴⁵.

⁴¹ Sermón do ano 2009.

⁴² Sermón do ano 2009.

⁴³ Sermón do ano 2010. Severiano Blas, transporta os residuos de depuradoras, e hospitais.

⁴⁴ Sermón do ano 2010.

⁴⁵ Sermón do ano 2010.

/"Manchan as carreteras / de limpalas nin falar / os coches na lama derrapan / e á cuneta vanse esfachar"/⁴⁶.

Tamén adoita haber na veciñanza, algunhas persoas que por envexa, ou rencor, adicanse a difamar ou calumniar sen ningún motivo aparente. Isto pasou no ano 2009, cando os organizadores do Entroido, tamén eran membros da directiva do “Centro Cultural”. Pois ben, algúns veciños comezaron a dicir que como o “Centro Cultural” realizaba moitas actividades e actos de toda índole, que iso podía redundar negativamente na parroquia. Esta difamación foi recollida nunha das estrofas do “Sermón do Entroido”, que dicía:

/ “A nova directiva do Teleclub de Bazar, / moitas actividades está a organizar / e as malas linguas xa andan a comentar / que coa parroquia queren acabar”/⁴⁷

Non obstante, a celebración do Entroido do ano 2009 foi un gran éxito debido á organización e as numerosas persoas, que acudiron non so da parroquia de Bazar senón tamén da súa bisbarra. Isto motivou que as murmuracións fosen diminuindo paseniño, como queda reflectido na seguinte estrofa do “Sermón do ano seguinte”.

/ “Din que o teleclub mellorou / estes novos son currantes / por fin o pobo calou / xa non son os contos de antes”/

Con todo o dano estaba feito. Cando se difama a unha persoa ou a un grupo logo é moi difícil devolverlle o creto, xa que sempre van a quedar dúbidas. Polo tanto, moito cuidado co que se dí. Hai que ter ¡ PROBAS!.

1.2. Outras, de carácter natural, que non podemos remediar. Estas están relacionadas coas adversidades, que ocasionan un importante dano á parroquia. Neste tipo de incidencias voume referir a unha gran trevoada de neve e vento, que ocorreu no ano 2010 pouco antes da festividade do Entroido. Esta prexudicou á parroquia, ocasionando diversos danos. Ademais, houbo cortes de luz, que tardaron en arranxarse, así como dificultade para transitar polas estradas e camiños debido ao desxelo existente. Este temporal, quedou mencionado en varias estrofas do “Sermón do ano 2010” da seguinte maneira:

/"Foiche todo un desastre / da casa non podíamos escapar / ven deitamos de excavaciones pi pi / que pola estrada nola anduvo a limpar”/

/ “Chamarono do concello / que a auga non podían arranxar / tuvo que ir coa pala / pois co coche non podía pasar”//

/ “Xa a terra non tiña falta / e despois de tanto nevar / cando a auga a derreteu / moita creciente houbo que cruzar”/

⁴⁶ Sermón do ano 2011.

⁴⁷ Sermón do ano 2009

/"Por Canto non se pasaba / e tampouco por Bardián / menos mal que ó alto da pena / a crecente non puido chegar"/

/"Ó noso amigo Demetrio / este demo tamén o quixo foder / encheulle o prado de auga / e pa poder sacar as vacas / aínda tivo que correr"/ (FOTO Nº 13)

2ª. DIVERSIDADE CRÍTICA.

Trátase dunha serie de feitos, que ocorren ao longo do ano, e que son obxecto de crítica por parte dos veciños . Soen proceder do exterior e van a estar reflectidos nalgúns estrofas dos sermóns, feitos con ironía, burla e sarcasmo.

2.1. CRÍTICA Á POLÍTICA.

Hoxe a política afectanos dende catro niveis: o municipal, o autonómico, o estatatal e o europeo. Un trazo moi característico desta cuádruplicidade é a **demagogia**, e dicir a maioría dos políticos tratan de atraer aos posibles votantes con falsas promesas pra acadar os seus propios fins. Outra característica é a **corrupción**, que adoita darse naqueles partidos, que logran cotas de poder importante. Ámbos os dous trazos levan a unha falta de credibilidade nos políticos por parte da poboación.

*** CRÍTICA CONTRA A POLÍTICA DO ESTADO.**

Este xuízo desfavorable sobre a Política que recae no Estado, está expresado nas seguintes estrofas dos diferentes “Sermóns do Entroido”.

/"Solo ruxen tralos votos / as súas decisión déixannos axeados / queren saír sempre nas fotos / son falsos como os peidos calados"/⁴⁸

/"Pra saíren elexidos / todo se lles volve prometer / algo debe ter o cargo / que todos o queren ter"/⁴⁹

/"Din que nos sacarán da crisis /que van traballar moi duro/ haber se é verdade / e non enchen solo o bandullo"/⁵⁰

*** CRÍTICA CONTRA A POLÍTICA AUTONÓMICA.**

No ano 2006, a Xunta autorizou a empresa multinacional Erimsa a concesión para extraer cuarzo en varios municipios chairegos: Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Vilalba... Isto motivou un rexeitamento por parte dunha serie de asociacións veciñais e colectivos

⁴⁸ Sermón do Entroido do ano 2010.

⁴⁹ Sermón do Entroido do ano 2012.

⁵⁰ Sermón do Entroido do ano 2012.

culturais da Chaira, xa que este proxecto ía en contra do futuro económico e social dunha das comarcas agrogandeiras máis importantes de Galicia. Esta situación deu lugar a unha serie de litixios xudiciais mais polo momento a extracción non chegou a iniciarse. No ano 2011, o Xulgado nº2 de Lugo desestimou a demanda presentada pola devandita empresa contra o Concello de Castro de Rei. Logo, nos anos 2017 e 2021 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentencias contrarias aos intereses da empresa Erimsa. **(FOTO Nº 14)**

Este feito quedou reflectido nunha das estrofas do Sermón do Entroido.

*/”Fraga cando viu que se tiña que marchar / porque nas elección o acababan de derrotar, / tivo moita prisa de concesión a ERIMSA otorgar / para os seus veciños amolar / e os seus amigos ricos facer medrar”/*⁵¹.

*** CRÍTICA CONTRA A POLÍTICA MUNICIPAL.**

As infraestruturas viarias e o centro de día para as persoas maiores, son dous reclamos constantes ao concello. De aí que haxa unha serie de críticas, que se manifestan en diferentes estrofas dos “Sermóns entroidanos”.

*/ “Os políticos van polas casas andando / teñen unha forma de pedir / que parece que están dando”/*⁵²

*/ “E agora tócalles á política / outro ano máis hai que criticar / o abandono no que nos ten / a Corporación municipal”/*⁵³

*/ “Os velliños quedan solos / os fillos marchan traballar / e o concello non da aberto / o centro de día municipal”/*⁵⁴

*/”Haber se alguén fai algo / e dunha vez o poden abrir / senón cando o den acabado/ non vai quedar ningún vello pa ir”/*⁵⁵

Non obstante, tamén hai **louvanzas** á política do concello polo que respecta ás axudas que concede ao Entroido e a mellora no servizo da auga.

*“Falando dos do Concello / as gracias tamén lles queremos dar / por tan ben con nos colaborar...”/*⁵⁶

*/”O servizo da traida da auga / moito se anduvo a mellorar / antes nin con catiuscas se andaba / e agora en zapatillas podemos pasar”/*⁵⁷

⁵¹ Sermón do Entroido do ano 2009.

⁵² Sermón do ano 2010.

⁵³ Sermón do ano 2012.

⁵⁴ Sermón do ano 2012

⁵⁵ Sermón do ano 2012.

⁵⁶ Sermón do ano 2009

⁵⁷ Sermón do ano 2012.

2.2. CRÍTICA AO TRANSFUGISMO POLÍTICO.

Denomínase “tránsfuga” ao político que cambia de partido por intereses utilitarios e pragmáticos. Coñécese vulgarmente por “chaqueteiro” ou persoa que “cambia de chaqueta”. Neste concello aló polo ano 2007 houbo uns cambios de partido, levados a cabo por algúns políticos con motivo das eleccións municipais. No Sermón do Entroido do ano 2009, hai dúas estrofas que aluden a estes cambios de partido.

“Ó alcalde dis que non lle queren deixar gobernar / e parece que xa non hai forma de amañar / xa que Xurxo Balado e Serafin Carballo non saben perdoar / que Xan Valiño decidise o Bloque abandonar / para a lista do PSOE ir a encabezar”/.

“E os de Arturo Pereiro están a rabear / despois de moitos anos mangonear / porque Roberto Lorenzo os quixo deixar / sin teta donde chupar”/.

2.3. CRÍTICA AO PARO

É un problema de difícil solución debido ,entre outros factores, ao incremento das novas tecnoloxías, que posibilita unha redución de postos de traballo; á falta dunha planificación económica e laboral axeitada. É mester ir na procura dunha racionalización económica que mova a investir en cada momento naqueles sectores máis viables para crear riqueza e postos de traballo cunha remuneración digna. Desta maneira tenderemos a unha sociedade máis equilibrada, evitando os desmesurados beneficios que xeneran algunhas empresas e como consecuencia erradicando paseniño todo tipo de corruptelas. Pois ben, a este problema faise mención na seguinte estrofa: **(FOTO Nº 15)**

/“Aquí a economía non se levanta / neste país pasa algo raro / esta situación a todos espanta / solo temos grande a cola do paro”/⁵⁸

Non obstante, no noso país estamos vendo unha clara interacción entre o sector político e a banca. Así, hai uns anos o goberno, existente naqueles intres, pagoulle a débeda que tiñan os bancos. Se mal non lembro eran uns 64.000 mil millón de euros. Hoxe, estes bancos xeneran cuantiosos beneficios, mais as hipotecas non diminúen. Que paradoxo! Esta clara identificación entre o sector político e o bancario ven moi expresada na seguinte estrofa antroidana:

/“Políticos arregladores / eles sempre son señores / banqueiros especuladores /vaia panda de papadores”/⁵⁹.

⁵⁸ Sermón do ano 2012.

⁵⁹ Sermón do ano 2010.

2.4. CRÍTICA XUDICIAL.

A xuíza **Estela San Xosé** puxo en marcha en outono do ano 2009 a *“Operación Rei”* sobre contratos de obras, realizados supostamente dunha maneira ilegal no concello de Castro de Rei. Así, imputou a máis de vinte persoas, algunhas pertencentes aos partidos que rexían o municipio naqueles intres, agás o B.N.G. Non obstante, o 19 de Xullo do ano 2016, a audiencia provincial de Lugo considerou ilegais todas as escoitas ordenadas pola devandita xuíza e, ademais, considerou que os investigados non cometeran ningún delicto.

A dinámica desta operación foi recollida nalgunhas estrofas do “Sermón do ano 2010” da seguinte maneira:

“Cos concelleiros tamén / houboche moito que ver / pois leváronos pa Lugo / aínda non saben por qué”/

“Esa xueza da capital / o alcalde veu prender / pois non se daba de conta / do ben que estaba a facer”/

2.5. CRÍTICA AOS FOLGAZÁNS DA PARROQUIA.

Algunas persoas da parroquia preocupanse máis da vida lúdica que da laboral, e fan caso omiso ao que lle din os seus país. Isto comeza a ser preocupante pola perda de valores, que se está a producir tanto na cidade como no campo. A autoridade moral, que tiña a xente maior antano debido ás súas experiencias vitais, vaise esvaecendo paseniño. Isto está reflectido na seguinte estrofa:

*“/”Esos rapaces de enxoiro / que non collen unha pala / ós vellos querenlles moito / os viernes pra iren á sala⁶⁰ / e o resto da semana / non lles dirixen a fala”/*⁶¹.

2.6. CRÍTICA CONTRA A DESPOBOACIÓN.

A despoboación é algo moi usual en moitas comunidades rurais, que se foi producindo dende os anos sesenta do século pasado debido ao “éxodo rural” da poboación do campo de cara a moitas cidades de Europa e, tamén, de España para mellorar as súas condicións de vida. Este fenómeno comeza a detectarse nas diferentes comunidades parroquiais

⁶⁰ Refírese á Sala de Festas “Ermo”.

⁶¹ Sermón do Entroido do ano 2010.

cando o crecemento vexetativo é negativo⁶². Nestes casos tendese a un avellentamento da poboación.

A este fenómeno alúdese nos “Sermóns do Entroido” do seguinte xeito:

*/ “A parroquia de Bazar / nos derradeiros anos pouco estivo a cambiar / e coma todas no rural / se segue a despoboar”/*⁶³.

*/ “En Bazar hai poucos nenos / a xente non se da conta /que dentro de pouco tempo / non hai ninguén na parroquia”/*⁶⁴.

As posibles solucións sempre pasan pola creación de novas fontes de riqueza non contaminantes, que creen postos de traballo; estes poderían converterse no estímulo para o retorno dunha poboación, nacida na parroquia; e, tamén para a incorporación dunha nova. Mentres tanto, nos sermóns do Entroido faise mención a pequenas solucións parciais que apenas inciden na problemática candente.

*/“Menos mal que Pérez xa pasou polo altar / e agora esperamos que moitos meniños / o veñan acompañar”/*⁶⁵.

*/”Tamén para a casa de Amparo de Pino / e para a de Antoniño da Pena / novos veciños viñeron morar / e en Oroxe a casa vella de Porto están a rehabilitar”/*⁶⁶.

*/”(O constructor do Fundoril) Amaña casas e casas / todas as anda a reformar / ven deitamos deste home / pa que veña xente pa Bazar “/*⁶⁷

E, tamén, hai solucións picarescas, feitas como moito humor, para provocar “o riso”, moi necesario hoxe, entre os asistentes. (FOTO N° 16)

*/”A ver se algunha rapaza de Bazar / José Manuel e Horencio logran encontrar / senon malo sexa, /que non quede algunha que se deixe conquistar”/*⁶⁸

*/”Con Anibal da Pastora / hemos ter que razonar / pa que busque unha moza / e pase por fin polo altar”/*⁶⁹.

*“As netas de Avelino de Toño / vailles sendo hora de casar / pero dicen que prisa non teñen / e da casa non queren marchar”/*⁷⁰

⁶² O crecemento vexetativo é negativo cando hai máis mortes que nacimentos.

⁶³ Sermón do ano 2009.

⁶⁴ Sermón do ano 2011.

⁶⁵ Sermón do ano 2009.

⁶⁶ Sermón do ano 2009.

⁶⁷ Sermón do ano 2011.

⁶⁸ Sermón do ano 2009.

⁶⁹ Sermón do ano 2012.

⁷⁰ Sermón do ano 2012.

2.7. CRÍTICA A UN SECTOR DA REALEZA ESPAÑOLA.

Esta crítica vai dirixida a **Iñaki Urdangarín**, marido da infanta **Cristina**, e, polo tanto, membro da realeza española. O motivo da mesma versa sobre o famoso “*Caso Nóos*”, tamén coñecido inicialmente como “*Operación Babel*”e, logo, como “*Caso Urdangarín*”. Foi un caso de “corrupción política”, que comezou no ano 2010 cando o xuíz **Xosé Castro**, que investigaba o “*Caso Palma Arena*”, decidiu abrir unha peza separada. A nova instrución trataba de obter información sobre varios convenios firmados durante os anos 2005 e 2006 polo Goberno Balear e o Instituto Nóos, unha fundación sen ánimo de lucro, presidida por **Iñaki Urdangarín**, xenro do entón rei de España, **Xoan Carlos I**. Tras a investigación, a Fiscalía Anticorrupción presentou contra **Urdangarín** e o seu socio **Diego Torres**, os cargos de “malversación”, “fraude”, “prevaricación”e “branqueo de capitais”. O 11 de Xaneiro do ano 2016 abriuse a vista oral diante da Audiencia Provincial de Baleares. Finalmente, **Iñaki Urdangarín**, foi condenado a cinco anos e dez meses de prisión, e ingresou na prisión de Brieva (Avila). Este caso foi reflectido en dúas estrofas dun “Sermon do Entroido”⁷¹.

/ “A xente pasa moitos apuros / algúns non teñen nin pa comer / ata o xenro do Juan Carlos / tivo que aprender a lamber”/

/ “Lambeu todo o que puido / non lle chegaba todo a nada / veña fillos e boa vida / así van acabar con España”/

2.8. CRÍTICA CONTRA OS QUE ATENTAN CONTRA A PROPIEDAD ALLEA (ROUBOS)

Hai xa un bo número de anos, que grupos de persoas, montados en camionetas desprazanse do seu lugar de orixe polos medios rurais, roubando todo o que encontran ao seu paso. Dende a miña perspectiva penso que hai problemas de paro moi importantes. Non obstante, tamén creo que hai persoas que denantes de ir na procura de traballo tenden a vivir da maneira máis fácil, como é roubando. A esta actividade alúdese nas seguintes estrofas:

/”Dixeron os da policía / que a xente non quere traballar / e como non queren pasar fame / moito andan a roubar “/”⁷².

⁷¹ Sermón do Entroido do ano 2012.

⁷² Sermón do Entroido do ano 2010.

*/”Vellos arados lles valen / baterías de tractores / collen todo cando saen / aquí polo arredores “/*⁷³

2.9. CRÍTICA ÁS EMPRESAS LEITEIRAS

É un problema que ven afectando ao campo dende hai moito anos. Cómpre ver a diferenza existente a nivel de prezo entre como vende a leite o produtor e como se vende ao consumidor. O máis miope podrá apreciar que esta diferenza é moi importante. Polo tanto, da a sensación que o problema non se quere arranxar. Canto gañan os intermediarios neste proceso de venda? Este problema está plasmado nestas dúas estrofas:

*“Os gandeiros en Bazar / estanche moi enfadados / pois si o do leite non se arranxa / mándache moito carallo”/*⁷⁴.

*“Moito iban arranxar / pero o leite non o subiron / pois con tanto prometer / xa nos enchen os fuciños”/*⁷⁵.

2.10. CRÍTICA Á CONTAMINACIÓN.

Xa vimos, nos problemas que afectan á veciñanza, como hai veciños que botan purín ás terras, contribuíndo deste xeito, a unha maior contaminación dos ríos, sen importarlles o que poida pasarlle á fauna dos mesmos, e so buscando o seu beneficio. **(FOTO Nº 17)**

*¡”Quero tamén recordar / ós que abonan con purín / que con cheas non botar / porque a merda é moi rin / ao o río vai a parar”/*⁷⁶.

2.11. CRÍTICA CONTRA A SUBIDA DAS XUBILACIÓNS.

A finais da primeira década deste século o goberno do Estado andaba con reformas nas pensións e xubilacións. A isto fíxose mención nestas dúas estrofas do “Sermón do ano 2010”

/“Andan tamén falando / dous anos máis de traballo / as empresas están pechando / unha pila de reunións / andan rascando o carallo / non me toques as pensións”/

/”Os 65 elles pouco / queren quitarme o pelexo / andan haber se estoupo / ou me leva o patanexo /”.

⁷³ Sermón do Entroido do ano 2010.

⁷⁴ Sermón do ano 2010.

⁷⁵ Sermón do ano 2012.

⁷⁶ Sermón do Entroido do ano 2010.

V. CONCLUSIONES.

Neste Entroido, como acabamos de ver, había dous trazos esenciais: Por unha banda, a lectura do Sermón e xa, como remate, a queima do Entroido.

Os sermóns, tanto os de **Oroxé** como os de **Carravilar**, Ademais da función humorística que transmitían, tamén levaban a cabo un labor pedagóxico. Os sermóns sempre foron realizados por persoas festivas, que posuían unha boa dose de humor e que sabían contactar cos veciños mediante a palabra. **“Estes sermóns son improvisados ou escritos por persoas da aldea, que están moi acreditados polas súas ocorrencias”**⁷⁷. Ademais, soían ter unha capacidade de persuasión digna de ter en conta. **“Facía as delicias dos ointes pola súa ousadía verbal e tamén pola súa procacidade insólita nun contexto tan ríxido o regulamentado. Era a única ocasión en que se podían oír en público certas picardías”**⁷⁸. Logo, coa reunificación do evento en **Carravilar**, os sermóns seguirón tendo a mesma dinámica.

Nestes Entroidos, reflectíase unha inversión de roles nos diferentes disfraces e máscaras, que se encontraban no campo da festa. Tanto estes, como os contidos do sermón, e a súa maneira de recitalos provocaba a risa ao público asistente. Polo tanto, non resulta estrano pensar que os que mandaban hai anos tivesen inqueda coa risa do pobo, xa que ía dirixida de cara a unha legalidade vixente imposta ríxidamente ⁷⁹.

Logo do sermón, viña a “queima do Entroido”. Este era . simbolizado por un boneco, xeralmente feito de palla, ao que vestían con roupas vellas, xa que “o vello” é unha das formas coas que se representa, ao Entroido. A este boneco botábanlle a culpa de todas as adversidades e sucesos negativos que sucederan, primeiro en ambos os dous lugares de celebración e, logo, na parroquia en si, no ano anterior. Isto motivaba, que o público asistente ratificase a súa condena a ser queimado no lume. **“Él ven a ser como o chivo expiatorio de todos os males da comunidade”**⁸⁰. (FOTO Nº 18)

⁷⁷ RISCO, Vicente.: **Historia de Galiza, dirixida por Ramón Otero Pedrayo**. Cultura Espiritual. Akal. Madrid, 1979, páx. 635.

⁷⁸ COCHO, F.: **Ob. cit.**, páx. 283.

⁷⁹ García Cendán, Bernardo. “O desacougo da risa”, en **Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido**. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 52.

⁸⁰ COCHO, F.: **O Entroido Galego**. Vigo: A Nosa Terra, 1998. Páx. 35.

Este Antroido debido ás peculiaridades, que revestía, era unha importante sinal de identidade –nun primeiro momento para ambos os dous lugares de celebración e, logo, para o conxunto da parroquia. Este carácter identitario viña dado pola creatividade e espontaneidade dos membros desa comunidade, na que se celebraba o evento ⁸¹. Así mesmo, e ao igual que acaecía en calquer festa da parroquia, o baile e a música constituían os elementos cume onde a liberación da sensibilidade é máis notoria facéndose patente na ruptura das normas, que presionan a conducta dos integrantes dunha comunidade. Polo tanto, toda festa, posibilita un tránsito do cotián a situacións onde a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes poden ter lugar.

Pois ben, ata aquí estiven falando cunha linguaxe do pasado xa que o último ano que se celebrou o Entroido en Bazar foi no ano 2012. Non obstante, penso que a súa non celebración nestes anos é temporal, e que hai persoas na parroquia que andan imaxinando no seu maxín novas novidades para un novo Entroido, que sempre debe conservar o Sermón e a Queima do Entroido, peculiaridades específicas do evento. Polo tanto, é probable que calquera día un grupo de persoas da parroquia decidan de novo organizar o Entroido, usando ese relevante **“Centro Cultural Rei Stolle”**, pra comunicalo aos seus veciños. Estes deben colaborar, en función das súas necesidades, cunha cota económica. Mais o seu labor non debe parar aquí senón que todos –homes, mulleres, mozos/as– deben axudar aos organizadores nos diferentes mesteres, que estes lles indiquen, en función da idade e as súas cualidades. Deste xeito, vanse superar todos os atrancos e dificultades, que impediron a súa continuación. Ademais, hai que seguir pedindo axuda ás institución locais, que sempre colaboraron con este evento; tamén, ás provinciais –Deputación–; e como non, aos membros das parroquias colindantes, que teran ledicia de que renazca este evento ao que adoitaban acudir dende antano. Pensade, veciños/as de Bazar, que se o facedes desta maneira ides recuperar unha das sinais fundamentais da vosa identidade, como é o Entroido. Ánimo e cohesión!. **(FOTO Nº 19)**

⁸¹ FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: www.galiciaencantada.com. Páx. 19.

⁸¹ COCHO, Federico. *O Carnaval en Galicia*. Vigo: Xerais, 2007. Páx. 245.

VI. BIBLIOGRAFÍA.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, *en Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009.

CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel.: “Memoria. Presentación. Prólogo”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e ao Antroido*. Coord. por Asociación de Val de Francos. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 3.

CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis hitórico-cultural*. Barcelona: Taurus. 1979.

COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1990.

CHAO REGO, Xosé.: “O Entroido é unha entrada”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, .Dirección Xeral de Política Lingüística.

FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá*. Revista Dixital de “Galicia Encantada”. Web.: www.galiciaencantada.com.

FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor dos mapas de localización.

GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”, *en Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmo e o nós outros, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páxs. 173–174.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Oscar J.: *Mascaradas de la península ibérica*, Oviedo: Ed. Autor, 2014.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. *O Entoido en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987.

LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.

MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne*: Sata (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003.

RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal.

RUBIEIRO DA PENA, Ana María; PÉREZ PÉREZ, Carolina; ABELLEIRA VEGA, Gloria.: “Proyecto de Recuperación da Tradición Oral na Contorna de Viladonga (2). Concello de Castro de Rei”, *en CROA (Boletín da Asociación de amigos do Castro de Viladonga)*. Nº 26, 2016, Castro de Rei (Lugo).

VII. OUTROS ARTIGOS DO AUTOR SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

BLANCO PRADO, José Manuel.:

* “Primeira exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, paxs. 203–222.

* “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo (A Poboia de Brollón). O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I.* Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127–137.

* BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: “Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *Croa, nº 19*, 2009, páxs. 58–84.

* “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia, nº 39*, Lugo, 2009, páxs. 363–370.

* “Fotografía. Capítulo II. 10”, en *As caras do Entroido Ourensán*, Ourense: Deputación Provincial. Fundación Caixa Galicia, 2009.

* “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”(A Poboia de Brollón), *Lucensia, nº 40*, Lugo, 2010, páxs. 163–172.

* “2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. 2010.

* BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa, nº 22*, 2012, páxs. 78–105.

* «O Entroido na Diocese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia , nº 45*,2012, páxs. 378–389.

* *O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística.2012

* «Aportacións sobre o Entroido Lucense». *Anuario Brigantino nº 36*, Betanzos (A Coruña), 2013, páxs. 495–513.

* Autor da foto da portada do libro «*O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboia de Brollón)*», Deputación Provincial de Lugo, 2014.

* “O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 1985–2002”, *Anuario Brigantino, nº 39*. Betanzos (A Coruña), 2016.

* Terceira Exposición do Entroido na provincia de Lugo, Mesón do Forno, Lugo, 2017.

* “O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 2003–2012”. *Croa, nº 29* . Boletín do Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei (Lugo), 2019.

* “Novas achegas históricas sobre o Antroido de “Val de Francos”(Castro de Rei) (Lugo) .Segunda década do Século XXI”, *en Croa nº 31*. No prelo.

* “Rituais ancestrais do Entroido. Achegas históricas á “corrida do galo”en Galicia e nos concellos chairegos de Castro de Rei e Cospeito”, *na Revista “Pena do Encanto”, nº 11*. Vilalba (Lugo): I.E.S.CHA (Instituto de Estudos Chairegos), 2021, páxs. 9–23.

AGRADECEMENTOS.

O me agradecemento aos seguintes informantes: **José Canto Novo, Ana Vila Ferreiro, Avelina Corbelle Fernández, Carmen Folgueira Fernández, Fernando Novo Rodríguez, Marta Castro, Pilar Canto, Iván Díaz, Rafael de Xusto**. Tamén, a **Antonio Figueroa Paz**, autor dos mapas de localización.

ACLARACIÓN

Os textos dos Sermóns foron reproducidos neste traballo tal como os elaboraron os seus autores.

VIII. ILUSTRACIÓNS.



FOTO Nº1. GRUPO MUSICAL “OS VALUROS” DE CASTRO DE REI. 2010.



FOTO Nº 2. XOGO DOS PUCHEIROS. 2009



FOTO Nº 3. OS DOUS PREDICADORES E O ENTROIDO NO CENTRO. ANO 2010



FOTO Nº 4. DETALLE DO ENTROIDO.



FOTO Nº 5. OS ORGANIZADORES LEVAN NAS ANDAS AO ENTROIDO.



FOTO Nº 6. A QUEIMA DO ENTROIDO. ANO 2010.



FOTO Nº 7. GRUPO DE MÁSCARAS. 2011.



FOTO Nº 8. XOGO POPULAR. CARREIRA DE SACOS. 2009.



FOTO Nº 9. CHEGADA DO ENTROIDO E OS DOUS PREDICADORES.2011



FOTO Nº 10. OS DOUS PREDICADORES. ANO 2011.



FOTO Nº 11. CARRILANA. ANO 2012.



FOTO N° 12. CARRILANA. 2012.



FOTO Nº 13. CHEGADA DO ENTROIDO E DOS PREDICADORES. 2012.



FOTO Nº 14. PÚBLICO ASISTENTE AO EVENTO. 2009.



FOTO Nº 15. OS DOUS PREDICADORES E O ENTROIDO. 2012.



FOTO Nº 16. A QUEIMA DO ENTROIDO.



FOTO N° 17. GRUPO DE MÁSCARAS. 2011.



FOTO N° 18. GRUPO DE DISFRACES INFANTIL. 2009.



FOTO Nº 19. XOGO DAS CADEIRAS. 2011.